

Os amantes da palavra

13

Maio 1996

OTISBOSS

Portada:

Sara Lamas

Ilustracións:

Sara Lamas

Fotografía:

Janis Gleizds e Peter Tooming

Consello de Redacción:

Blanca Sánchez Sampredo, Xosé Manuel Dopazo Mella,
Belinda Sobredo Díaz, Ana Cibeira Vázquez,
Xosé Manuel Duarte Amoedo e Olga Novo

Subvencióna:

Facultade de Filoloxía e
Vicerrectorado de Estudiantes e Servicios.

Agradecementos:

Ós incondicionais, sempre. E moi especialmente a
M^a Fe González e Armando Requeixo pola súa
inestimable axuda e o seu alentador apoio.

Edita:

Asociación-Revista Ólisbos.
Facultade de Filoloxía.

Avda. de Castelao s/n 15705 Santiago de Compostela.
Tfo. 563100, extensión 1763

Enviádeno-los vosos traballo en calquera lingua ou
normativa. Wordperfect 5.1/6.0 ou mecanografados.

ISSN: 1130-7595.

D.L.: C-422-86

Imprime:

Imprenta Universitaria.

Ólisbos non se fai responsable das opinións nin das
graftas verquidas no presente número

Prezo: 500 pts.

Ólisbos, os amantes da palabra

Número 18

Muller

Maio 1996

Sumario

<i>Editorial</i>	5
<i>Voces poéticas</i>	7
LUZ POZO. <i>Cantiga para dicir en tempo de amizade</i>	9
PURA VÁZQUEZ. <i>Qué tenra alborexada</i>	10
M ^a CARMEN KRUCKENBERG. <i>Hoxe non podo desesperarme</i>	11
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER. <i>Traza de muller</i>	13
ÚRSULA HEINZE DE LORENZO. <i>Dubovica en Hvar</i>	16
CHUS PATO. <i>Pero que facía ela alí, no area</i>	18
LUÍSA VILLALTA. <i>Tríptico</i>	21
MAROSA DI GIORGIO. <i>Cuando naci había muchísimos bigos e A la hora en que los robles</i>	24
VERÓNICA ZONDEK. <i>Parto I e outros poemas</i>	26
NEUS AGUADO. <i>Se oculta en el bosque la voz e outros poemas</i>	28
ORFILA BARDESIO. <i>La que pasea e El río</i>	30
CARMEN VÁZQUEZ ARCE. <i>Mis manos buscan e El lugar de las sombra</i>	32
<i>Novas na palabra</i>	34
ROSA BASANTA. <i>Teño un coño cerebral e A técnica da morte consagrada</i>	34
OLGA NOVO. <i>Aazarosas e Crónica Primeira</i>	36
M ^a XESÚS NOGUEIRA. <i>Notas a un relato que, quizais, vai ser escrito</i>	37
<i>Elas de alén</i>	39
MARÍA GONZÁLEZ LOPO. <i>Anjela Duval: poetisa e labrega da Bretaña</i>	41
ARMANDO REQUEIXO. <i>Marta Pessarrodona: poesía de muller na Catalunya de fin de milenio</i>	46
SOLANGE VÁZQUEZ PRESA. <i>Julia Otxoa: última poesía vasca de muller</i>	53

Fiadeiras da escrita	59
CARMEN BLANCO. <i>Escribir sobre o escrito</i>	61
MARÍA XOSÉ AGRA. <i>O pensamento afundiu a súa cana no río.</i> <i>Sobre Orlando de V. Woolf</i>	63
RICARDO POLÍN. <i>Lembranzas literarias da muller perdida</i> (folclore, simbolismo e emancipación)	67
SECHU GONZÁLEZ SENDE. <i>Lorelai e o mito das sereas.</i> <i>Aproximación a un personaxe literario fantástico</i>	69
JOSÉ HENRIQUE PERES RODRIGUES. <i>Lembrando e descobrindo</i> <i>Henriqueta Otero</i>	76
MARGARITA LEDO ANDIÓN. <i>O contradiscurso das mulleres,</i> <i>de Carmen Blanco</i>	82
<i>In memoriam</i>	83

O pensamento afundiu a súa cana no rio.

Sobre Orlando de V. Woolf

M^a XOSÉ AGRA

E o esforzo maior da Filosofía foi sempre o de neutralizar os efectos dos deuses. De aí que as mulleres non adoitasen dedicarse a ela, pois a muller foi sempre a escrava de Deus e dos deuses e xamais ousarían tomar o partido do home.

María Zambrano

Non fan falla moitas presentacións de Virginia Woolf (1882-1941), nin insistir na súa relevancia como literata e feminista. O obxecto destas páxinas é moi sinxelo, a saber, botar unha ollada a unha das súas obras: *Orlando. Una biografía*, dende a perspectiva de algúen preocupado pola reflexión filosófica nas súas diferentes manifestacións e polas aportacións das mulleres, das feministas, neste campo. Non se trata, polo tanto, da ollada dunha especialista na crítica literaria. A obra de V. Woolf reúne, no senso sinalado, as mellores condicións. O seu estar preto da Filosofía convértese en parte importante e nun aliciente da súa narrativa en xeral e da obra que aquí nos ocupa en particular.

Ben é certo que V. Woolf aparece equiparada a autores como Proust ou Joyce e a súa obra referida a variacións sobre o grande tema do tempo. Non poño en dúbida tal catalogación, tampouco sei se é *Orlando* unha das novelas más “necesarias” da autora, ou sinxelamente “outra variación sobre o tempo”¹. O que a min máis me interesa, ou quizais debería dicir me gusta, deste libro non son os grandes temas nun senso monumental, trascendental, senón o xeito de abrinxos a súa problematicidade. Así, nas cuestións existenciais relativas ó tempo, ó espacío, á continuidade e á identidade da man das observacións sobre a Filosofía e a Poesía, o pensamento e a vida, a escrita e a Literatura, a vida e a morte, o amor, a amizade e a verdade, é onde podemos percibir o nexo sempre fráxil e heteroxéneo entre identidade, mulleres e literatura. Cómpre insistir en que este achegamento a *Orlando* nada ten que ver coa actitude dunha especialista, máis ben tenta poñer por escrito as impresións e reflexións derivadas da súa lectura e, polo tanto, non ten maiores pretensións. Tampouco ousa apontar nada novo sobre esta novela, nin discutir cuestións coma a de se o andróxino é ou non é a alternativa da autora.

1 Así aparece destacada na *Historia de la Literatura Universal* de Martín de Riquer e José M^a Valverde. Con relación a esta novela dise: “*Orlando. Una biografía*. Se ha querido ver en este libro un homenaje de la autora a su amiga la escritora Victoria Sackville-West. En este caso, es otra “variación sobre el tiempo”, pero con convincente realismo retrospectivo en la imaginación histórica. Un capricho delicioso, pero no una de las novelas más necesarias de su autora”. Ed. Planeta, Vol. 9, p. 312.

Pensamento e vida

Como é coñecido, o relato² comeza a finais do século XVI e remata no ano 1928. Nel narrase a vida e avatares dun xove nobre inglés, Orlando, que sente un grande amor pola poesía e que no seu percorrido a través dos séculos vaise converter nunha muller, cun fillo, que escribe e obtén un premio literario. Resulta sumamente atraínte tomar como fío conductor do relato a constante interrogación sobre o pensamento e a vida, interrogante que ten o seu centro na preocupación polo facer literario, pola escrita e a Literatura e que achamos permeado por referencias, unhas veces explícitas, outras implícitas, á Filosofía e á Poesía. O que se cuestiona ó longo da obra é a escisión entre pensamento e vida, a idea de que pensamento e vida son polos contrarios³. A forma de abordar isto non se nos presenta, loxicamente, dun xeito liñal, senón de múltiples formas no debatir diverso con el/ela mesma e cos outros, nos diferentes momentos do relato. Dende o amor xuvenil de Orlando pola poesía, no seu preguntarse melancólico pola vida e a morte, no seu amor á natureza ou cando, aqueixado do amor á Literatura, abandona a realidade e introducíese no terreo das fantasmas, pois “o fatal da natureza desta enfermidade era que sustituía a realidade por unha fantasma” (54). Esta enfermidade lévao á lectura, logo á escrita. Ata o desengano que o move a dicir “acabei cos homes”, ou cando se confronta a “uns problemas que confundían ós más sabios dos homes como ¿que é o amor? ¿que a amizade? ¿que a verdade?”(71). Ou ó se preguntar: “E se a Literatura non é a Esposa e Compañera de cama da Verdade ¿que é?, maldita sexa”. Mesmo desesperando ante a incapacidade de resolver o problema de qué é a poesía e qué é a verdade.

Xa na más rigorosa soledade, xa na vida pública, ben na procura da fama, ben do anonimato, como home ou como muller, Orlando obríganos a pensar sobre a vida, sobre a súa multiplicidade, sobre o anceio de apreixar a verdade, sobre a realidade e a ficción. A imaxinación histórica que se despregá no relato non fai senón confirmar a endebleza dos dualismos (pensamento-vida, verdade-mentira...), afacéndonos a ver a mudabilidade temporal, espacial, material ou intelectual das cousas, das persoas, das relacións humanas, a súa heteroxeneidade. Así non se fai estranxo que tampouco poida dar resposta a qué é a vida: “Téndolle preguntado ó home e á ave e ó insecto, porque os peixes, segundo din os homes que, durante anos, viviron sós, en verdes covas, para oílos falar, nunca, nunca din nada, e quizáis por iso saben qué é a vida. Téndollo preguntado pois, a todos eles, sen ter acadado ser más sabios, senón más vellos e más fríos (porque ¿nunca probamos a encerrar nun libro algo tan duro, tan estranxo, que poidamos dicir que aquilo é o sentido da vida?, temos que volvernos atrás e dicirlle dunha vez ó lector, que agarde ansioso oír qué é a vida... que, ai, non o sabemos” (201).

2 As referencias textuais citanse por: Orlando. Una biografía., Barcelona, Ed. Lumen, 1993.

3 Ata certo punto podería compararse esta preocupación e interrogación -tendo en conta as diferencias- coa que suscita María Zambrano nese fermoso texto que é *Filosofía y Poesía* (1939) onde amosa a súa oposición e as implicacións da condena platónica da poesía. Quizais hai en ámbalas dúas mulleres unha certa sensibilidade común -aspecto no que en todo caso habería que profundizar máis seriamente- fronte á fría razón, á unidade do ser, ambas fan unha aposta pola vida e a multiplicidade que non comporía unha clara escisión entre Filosofía e Poesía.

As mulleres e a escrita

A ironía e a crítica aberta xorde nidiamente na novela cando se trata de dar conta da situación das mulleres. Virginia Woolf amosa así a súa maneira de entender os problemas das mulleres na sociedade, nos diferentes tempos históricos, pero moi en especial na súa relación coa escrita, coa literatura e os problemas da construción da identidade. O capítulo final da obra é, dende esta óptica, excepcional. Orlando é por fin dona dos seus pensamentos. Resólvese contra a natureza, sente a necesidade de escribir e de ser lida: "só os seres humanos posúen ese don" (202), agora "os seres humanos vólvense necesarios". Escribe, publica, gaña un premio literario. Racha, pois, coa vella tradición das mulleres: de Madame du Deffand e do seu falar durante cincuenta anos —dinos— ¿que fica? (146-7), incidindo sobre a falla de recoñecemento: "unha muller sabe moi ben que, anque un inxenio lle dedique os seus poemas, gabe o seu bo xuízo, solicite a súa crítica e beba o seu té, iso non significa en si que respete a súa opinión, admire o seu entendemento ou estea disposto, malia non disponer dun espadín, a non atravesala coa súa pluma" (157). A autora enfróntanos coa situación usual das mulleres "porque non se pode negar que cando as mulleres se reúnen —pero chitón— teñen sempre bo coidado de que as portas estean pechadas e de que ningunha palabra acabe no prelo" (162). As mulleres poden e teñen que escribir, teñen que deixar a súa pegada.

Orlando é agora unha muller moderna, conduce un coche, ten un fillo, escribe, publica. No capítulo final, a narración recréase no problema da identidade, da multiplicidade de "eus" que constitúen unha individualidade. Unha persoa, dise, pode ter ata varios miles de "eus", todos diferentes que contrastan co "eu" consciente: "o predominante é o que ten o poder de desexar...o que algunas persoas chaman o eu auténtico e é, din esas persoas, o conglomerado de tódolos demás eus contidos en nós; sometidos e encerrados polo eu Capitán, e eu Clave, que a todos os amalgama e os controla" (230). A problemática identidade supón tamén ser consciente do que implica para unha muller, aínda que unha muller escriba, publique e teña fama: "pero verdade é que, cando se escribe sobre mulleres, todo anda manga por ombro...todo, momentos cume, discursos; o acento nunca recae onde debe, coma no caso do home...Unha marsopa nunha peixería tería chamado máis a atención que unha muller que gañara un premio" (231).

O relato remata, pois, cunha muller capaz de crear vida, de deixar a súa pega da a través da escrita, de mergullarse no presente, de asumir o acto creador, para dici-lo con palabras súas, esta vez tomadas de *Una habitación propia*⁴, onde aborda o tema das mulleres e a novela, e que nos remite de novo ó fio conductor así proposto: "pedireivos que escribades toda clase de libros, que non titubeedes ante ningún tema, por trivial ou vasto que pareza. Espero que atopedes, a tortas ou a dereitas, bastante diñeiro para viaxar e folgar, para contemplar o futuro ou o pasado do mundo, soñar lendo libros e rezagarvos nas esquinas, e afundir fondo a cana do pensamen-

4 Barcelona, Seix Barral, 1992.

to na corrente" (149-50). A súa invitación a que as mulleres escriban vai unida a que cultiven todo tipo de escritos, non só novela, afirmando non obstante, a febleza das fronteira e así que "a novela non pode senón mellorar ó contacto da poesía e a filosofía". Do mesmo xeito que na narración de *Orlando* achámonos cunha clara interrelación entre o devir individual e colectivo, entre a muller concreta, Orlando, e as mulleres colectivamente, así sostén aquí: "se estudiades algunha das grandes figuras do pasado, coma Safo, Murasaki, Emily Brontë, veredes que é unha herdeira á vez que unha iniciadora e cobrou vida porque as mulleres acostumáronse a escribir como cousa natural". A lectura, a escrita, en definitiva, a Literatura, a Poesía, o pensamento e a imaxinación son ferramentas imprescindibles para o labor de vivir.

Non sei se destas impresións, agora escritas, se pode tirar conclusión algúnhia más alá dos esforzos por deterse nesta novela de Virginia Woolf na oportunidade e necesidade da reflexión sobre a razón e a imaxinación, o pensamento e a vida, nunha das súas posibles perspectivas, a saber, a da narración literaria, e non somentes mediante textos estritamente filosóficos. De aí que se aceptamos coa autora, que a novela non pode máis que mellorar ó contacto da Poesía e a Filosofía, o mesmo poderíamos dicir da Filosofía, isto é, que gaña ó contacto coa Poesía, coa Literatura, coa novela. Cabería, quizais, un outro achegamento sumamente interesante pero que require un traballo máis detido e sopesado. Refírome ó tema xeral de Filosofía e Literatura ou máis concretamente como Filosofía moral e política e Literatura, e examinar, xa que logo, dende estes parámetros a obra de Viginia Woolf. Como é obvio, sen embargo, iso vai máis alá das sinxelas pretensiós destas páxinas⁵.

5 Sobre esta interesante cuestión de Filosofía e Literatura pode verse o último número de *Isegoría. Revista de Filosofía moral e política*, nº 11, (Abril, 1995), onde se ofrece unha boa panorámica e as distintas perspectivas.

DA PALABRA - AMANTES
SÓ SÓSIBOS -

